

PREMIOS, MENCIÓN E BECAS:

- ❖ Seleccionado na XII Edición da Bienal de Pintura "Balconadas", Concello de Betanzos (ESP), 2008
- ❖ Seleccionado no Terceiro Premio Nacional de Pintura Fundación María José Jove, A Coruña (ESP), 2008
- ❖ Seleccionado no Segundo Premio de Pintura Antón Rivas Briones, Concello de Vilagarcía de Arousa (ESP), 2007
- ❖ Seleccionado no Premio de Pintura de Padrón (ESP), 2007
- ❖ Seleccionado no Primeiro Premio Internacional de Arte Gráfica Jesús Núñez, Fundación CIEC, Betanzos (ESP), 2006
- ❖ Seleccionado no Premio de Litografía da Cidade de Xixón (ESP), 2005
- ❖ Terceiro Premio na VIII Edición da Bienal de Pintura "Balconadas", Concello de Betanzos (ESP), 2004
- ❖ Becado no "I Master sobre la Obra Gráfica", Fundación CIEC, Betanzos (ESP), 2003-2004
- ❖ Primeiro Premio na VI Edición da Bienal Internacional "Al Mahabba", Latakia (Siria), 2003
- ❖ Mención de Honra na IV edición da Bienal Internacional "Al Mahabba", Latakia (Siria), 2001
- ❖ Primeiro Premio "Jóvenes Sirios", Damasco (Siria), 2002
- ❖ Segundo Premio "Jóvenes Sirios", Damasco (Siria), 2001

FRANCISCO XOSÉ FERNÁNDEZ NAVAL

A quen podedes chamar Chisco, naceu en 1956, en Ourense, na beira dun río, aínda que agora vive na Coruña, xunto ao mar no que lle gusta bañarse en verán e no inverno. Tan calvo como Alí Alí, non usa chapeu. Lle gustan os paxaros, os amigos, andar en bicicleta, ler y porlle letra propia a cancións famosas, porque dí que así fainas máis súas. En galego, a lingua que escoitou falar desde pequeno, escribe versos, novelas e contos para maiores e para nenos. Crea mundos coas verbas e lle gusta contar historias, como contaba o seu bisavó ou como conta a súa nai, e xoga coa emoción e co misterio para conseguir que os demais o escoiten. Esta historia que ides ler, está protagonizada por seres dos que lle falou Alí Alí, unha tarde de decembro, no estudo do pintor, tomando un té tras outro, para aliviar o frío. O que Chisco fixo foi ordenar e dar forma á memoria de infancia do seu amigo.

JULIÁN CARRILLO SANZ

Madrid, 1946. Estuda música e guitarra con Antonio López Merinero e no vello Conservatorio de San Bernardo. Recitaís de guitarra. Guitarrista e director do *Coro do Club Juventud Santo Domingo*. Actor no Grupo de Teatro Talía 72. Grupo de cámara *Eutherpe 94* (dous violíns, guitarra, violoncelo): recitaís musicais e poéticos. Director da galería de arte *La Galería de Papel*. Autor de composicións para guitarra, canción de concerto e música de cámara. Crítico musical (*mundoclasico.com*, *La Voz de Galicia*, *El País*). Musicógrafo, autor de notas ao programa e charlas sobre música clásica.

JENNI RAHINEN (Canto/ Acordeón)

É profesora de música e músico freelance. Traballou desde 2003 no *Conservatorio de música Pop & Jazz en Helsinki*. Actuou en varios grupos de teatro e bandas de música de rapaces, en Finlandia. Actualmente ten a súa propia empresa *Music Drive-In*, que produce material didáctico de música para escolas finlandesas.

Naceu en Finlandia, Rovaniemi e comezou a tocar o acordeón á idade de seis anos no *Instituto de Música de Laponia*. Tocou no grupo folklórico da Laponia/Rimpparemmi. Completou os seus estudos de acordeón e educación musical feito en *Sibelius-Academia*, en Helsinki. Participou nun intercambio de estudantes co *Real Conservatorio Superior de Música de Madrid* en 2003 e un intercambio de profesores en Italia, Alatri, en 2008.

Á parte de música, está interesada na integración de artes e flamenco.

DEBORAH HAMBURGER (Violín)

Naceu na India, onde comezou os seus estudos musicais con Josic Menzies e Melbourne Halloween. Foi premiada en varios concursos en Mumbai e tamén a nivel nacional.

Estudou na *Akademie für Musik und darstellende Kunst de Viena* con Eduard Melkus e Klaus Maetzel e recibiu o título de *Masters in Performance* en 1991. Foi bolsista polo *Ministerio de Educación* en Austria. Tamén estudou con Milan Vitek en Copenhague e música de cámara con Georg Ebert, Rudolf Leopold (Wiener Streichsextett) e Gerhard Schulz (*Cuarteto Alban Berg*).

Foi membro invitado de *EUYO* e realizou unha xira a Inglaterra, Italia, España e a India co mestre Zubin Mehta.

Colaborou con Orquestras en Austria e Dinamarca. Actuou como solista, e con varias agrupacións de música de cámara en Austria, Alemania, Dinamarca, Inglaterra, Italia, Xapón, a India e España.

É co-fundadora do *Artemis Ensemble*, que desde o ano 1991 actuou en diversas formacións. Comezando como trío de piano, actualmente está composto por un cuarteto de cordas, tendo cuberto un extenso repertorio de obras e estilos. Co *Artemis Ensemble*, Deborah Hamburger participou en numerosos estreaos, mesmo de obras escritas para a agrupación, gravacións e retransmisións por radio.

Desde 1994, é membro da *Orquesta Sinfónica de Galicia*, ademais de estar moi implicada na ensinanza. Colaborou con varios festivais en España como pedagoga.

Os seus alumnos participaron en concursos en España e foron premiados e finalistas en varias ocasións. Tamén exerce regularmente de profesora na *Orquesta Joven de la Orquesta Sinfónica de Galicia*, onde dá clases maxistras e clases de música de cámara.

LUDWIG DURICHEN (Violín)

É axuda de concertino da *Orquesta Sinfónica de Galicia* desde outubro 2005. Nado en Alemaña, Bad Homburg, comeza a estudar con 14 anos baixo a catedrática Ida Bieler e logo co profesor Walter Forchert no *Conservatorio de Música de Frankfurt*.

En Berlín perfecciona os seus estudos con Ilan Gronich, catedrático da *Universität der Künste Berlin (UDK)* e asiste a clases maxistras con Thomas Brandis e Rainer Kussmaul (concertinos da *Berliner Philharmoniker*). Antes de ser solista de 2os Violíns coa *Philharmoniker de Hamburg* toca tamén na *Academia da Bayerische Staatsoper* baixo a batuta de Zubin Mehta e desde entón lle invitan ás orquestras da *Radio de Hamburgo (NDR)* baixo a batuta de Herbert Blomstedt ou Alan Gilbert, a *Deutsche Oper de Berlín* (Michail Jurowski) ou á *Bayerische Staatsorchester*. Logo é membro dos 1. Violíns coa *Philharmoniker de Hamburg*.

En 2012 o mestre Daniel Oren invítalle como concertino á produción de *La Gioconda* ao *Teatro Giuseppe Verdi* de Salerno-Italia. En Alemaña invítalle na mesma posición ao *Teatro estatal de Kassel* para unha produción de *La Bohème* baixo a batuta de Marco Comin. Outras invitacións lle levan como principal dos 2º Violíns á *Orquesta Ciudad Barcelona (OCB)* baixo a dirección de Stéphane Denève ou como 2º concertino á *Orquesta da radio de Colonia (WDR)* baixo a batuta de Jucca-Pecca Saraste. Cando non toca na orquestra ou fai música de cámara nas distintas formacións da OSG lle encanta practicar o surf ou pasear.

* * *

ALÍ ALÍ

Naceu en Siria, na aldea de Khatounie, provincia de Al Hassake, en 1974. Pintor e gravador, estudou Belas Artes en Damasco. No ano 2003 chegou a Betanzos, para participar nun curso de obra gráfica. Desde entón vive en Galicia. Acaba de ser pai por primeira vez, dunha nena chamada Amal.

A figura de Alí é inconfundible e resulta sinxelo identificalo porque se cubre a cabeza cun chapeu, tamén cando pinta ou cando carga coa pedra litográfica. Cunha desas grandes pedras compuso estas ilustracións. Con elas, e co encadernador Carlos Rey, elaborou un libro único, xerme deste que tes nas mans, que pesa máis de sesenta quilos e que é dos máis grandes do mundo.

A súa obra, premiada moitas veces, está habitada por nenos, animais e ollos que nos miran soñadores. A súa pintura é cor, como o son as imaxes deste libro no que poderedes coñecer algunhas das historias e lendas da súa aldea Khatounie.

FORMACIÓN ACADÉMICA:

- ❖ **LICENCIADO EN BELAS ARTES**, especialidade de gravado na Universidade de Damasco. 1998
- ❖ Estudante do **I MASTER SOBRE A OBRA GRÁFICA**, na Fundación CIEC (Centro internacional da Estampa Contemporánea) de Outubro 2003 a Decembro 2004 en Betanzos - A Coruña (ESP)

PRINCIPAIS EXPOSICIÓNS INDIVIDUAIS:

- ❖ Exposición de pintura, Espacio de arte Cervantes 6, Oviedo (ESP), 2009
- ❖ Exposición de gravado, Fundación Ciec, Betanzos (España), 2009
- ❖ Exposición de gravado, Fundación Rojo Urbiola, Zacatecas (Méjico), 2009
- ❖ Exposición de pintura, Concello de Ortigueira (ESP), 2008
- ❖ Exposición de gravado, Sala de Arte Alfara, Oviedo (ESP), 2007
- ❖ Exposición de pintura, Fundación Araganey, Santiago de Compostela (ESP), 2006
- ❖ Exposición de gravado, Centro Gallego de Buenos Aires (Argentina), 2006
- ❖ Exposición de gravado, Epinnal (Francia), 2005
- ❖ Exposición de gravado, Edificio Liceo, Betanzos (ESP), 2004
- ❖ Exposición anual de Siria, Centro Cultural de Damasco (Siria), 2001
- ❖ Exposición de gravado, Centro Cultural Francés de Damasco (Siria), 2000
- ❖ Exposición de gravado e pintura, Catedral Lady Church, Damasco (Siria), 1999
- ❖ Exposición de gravado, Al Hassake (Siria), 1998

PRINCIPAIS EXPOSICIÓNS COLECTIVAS

- ❖ Exposición colectiva na Galería EspaiB, Barcelona (ESP), 2008
- ❖ Feria Internacional da Arte Contemporánea "Puro Arte" (Galería Galyarte), Vigo (ESP), 2008
- ❖ Exposición colectiva na Casa da Cultura, Neda (ESP), 2008
- ❖ Exposición colectiva na Fundación Luis Seoane, A Coruña (ESP), 2007
- ❖ Exposición colectiva de gravado da Fundación CIEC, Galería CIEC, Betanzos (ESP), 2007
- ❖ Exposición colectiva no Palexco, A Coruña (ESP), 2007
- ❖ Exposición colectiva "Cervantes e o Quixote en Galicia", AGAEC, Santiago de Compostela (ESP), 2006
- ❖ Exposición de "Arte Árabe Contemporáneo", Fundación Araganey, Santiago de Compostela (ESP), 2005
- ❖ Exposición colectiva itinerante de "Técnicas y Tendencias del Arte Gráfico" da Fundación CIE, Sala de Exposiciones Caja Duero de Valladolid (ESP), 2004/2005
- ❖ Exposición colectiva de gravados da Fundación CIEC, Galería CIEC, Betanzos (ESP), 2004
- ❖ X Edición do Salón Internacional de la Estampa, Madrid (ESP), 2002
- ❖ Exposición colectiva "Jóvenes Artistas Sirios", Centro Cultural de Damasco (Siria), 1998, 2001, 2002

BIENAIS E TRIENAIS:

- ❖ Bienal Internacional de Pintura, Fundación Araganey, Santiago de Compostela (ESP), 2006
- ❖ Bienal Internacional de Arte Contemporánea "Al Mahabba", Latakia (Siria), 2001, 2003
- ❖ Trienal Internacional da Estampa de Arte Contemporánea, Kanagawa (Japón), 2001
- ❖ Trienal Internacional de Arte Contemporánea de pequeno formato, Chamalière (Francia), 2000
- ❖ Bienal "Mozos Árabes", Baladona Gallery, Jordania, 2000